



# PLAN ANUAL DE LECTURA

## Curso 2023-2024



XUNTA  
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN  
INFANTIL E PRIMARIA  
DE ESTEIRO



## ÍNDICE

1.INTRODUCCIÓN.....	<b>Páx. 3</b>
2.OBXECTIVOS E FUNDAMENTACIÓN .....	<b>Páx. 3</b>
3.ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA .....	<b>Páx. 4</b>
4.LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN .....	<b>Páx. 6</b>
CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO.	
5.RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS .....	<b>Páx.10</b>
6.ITINERARIOS LECTORES .....	<b>Páx.13</b>
7.ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS .....	<b>Páx.14</b>
8.IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS .....	<b>Páx.16</b>
9.SEGUIMENTO E AVALIACIÓN .....	<b>Páx.17</b>

## **1. INTRODUCCIÓN**

Iniciamos o curso escolar 2023-2024, tendo presente o **Proxecto Lector de Centro** (PLC) actualizado o curso pasado, e afrontando diferentes retos:

1. Manter o **papel activo da biblioteca escolar**, como espazo dinamizador da lectura, centro de aprendizaxes, investigacións e creatividade; favorecendo a adquisicións das diferentes competencias por parte do alumnado.
2. Promover as **interaccións entre os diferentes grupos**, tanto nas actividades internivelares como de centro, aspecto demandado polo propio alumnado.
3. Promover o uso e manexo da **plataforma KOHA** entre todo o profesorado, despois dun curso onde o equipo da biblioteca asimilou e interiorizou o seu emprego, tras a migración acontecida no mes de outubro de 2022.
4. Afianzar o emprego da **plataforma de empréstimo ELBE.2**, nos cursos de 5º e 6º de primaria.
5. Continuar a formación iniciada o curso pasado no emprego da **Radio na Biblio**, ampliando o seu uso a distintos cursos das etapas de infantil e primaria.

Na Resolución do 20 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docentes non universitarios, de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no curso académico 2023/2024, régúlase que “o **Plan Anual de Lectura (PAL)** se incluírá na programación xeral anual a través de accións enfocadas ao logro daqueles obxectivos establecidos neste plan que se pretendan desenvolver no curso 2023/24”.

Desenvolvemos a continuación o PAL do CEIP de Esteiro para o curso 2023-2024.

## **2. OBXECTIVOS E FUNDAMENTACIÓN**

Como desenvolvemento do PLC, elabórase este PAL no que se plasman as actuacións que o equipo de dinamización da biblioteca, os titores e titoras de Educación Infantil (EI) e Educación Primaria (EP) e demais profesorado pretenden levar a cabo ao longo do curso para conseguir os obxectivos propostos.

A finalidade do noso PAL ten como obxectivo xeral lograr que o alumnado desenvolva a súa competencia lingüística e logre acadar os obxectivos do seu curso e nivel. Pretendemos que os nenos e nenas:

- Sexan capaces de ler comprensivamente, con rapidez e fluidez, textos axeitados á súa idade.
- Sexan quen de desenvolver a habilidade para comprender, reflexionar e interactuar cos diferentes textos co fin de producir, elaborar ou xestionar respostas.
- Desenvolvan unha linguaxe rica e precisa e que aprendan a utilizala en diferentes contextos.
- Se atopen motivados cara á lectura polo mero pracer ou porque a recoñezan como un medio primordial de aprendizaxe.
- Sexan capaces de manexar a información en distintos formatos e contextos e xerar tamén contidos en base a ela.

Continuaremos deseñando actividades relacionadas coa **Alfabetización Informacional (ALFIN)** a través da organización de distintas actividades destinadas ao alumnado tanto de EI como de EP. Tamén continuaremos achegando ao noso alumando aos textos narrativos, contos, relatos curtos... dun xeito lúdico que lles faga comprendelos, gozalos e producilos.

Por outra banda, tamén nos fixamos como **obxectivos a nivel de centro**:

- Conseguir que a biblioteca se converta nun centro de recursos ao servizo de toda a comunidade educativa.
- Desenvolver estratexias para avanzar na colaboración efectiva coas familias e o entorno no ámbito da lectura e a escritura.
- Desenvolver un gusto pola lectura que sexa un ben que se comparte a través de distintas formas e actividades de voluntariado.

### **3. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA**

#### *3.1. ESPAZOS PARA A LECTURA:*

- Biblioteca do centro onde se atopan centralizados a meirande parte dos fondos. Dentro da mesma existen zonas destinadas á:
  - ✓ lectura individual ou en pequenos grupos
  - ✓ zona de traballo e consulta de información dos fondos
  - ✓ visionado de películas e escoita de CD
  - ✓ zona de xogos de mesa e zona con libros de xogos de pensar
  - ✓ zonas creatividade de Lego (unha para EI e outra para EP)
  - ✓ recanto de debuxo (para EP)
  - ✓ recanto de marionetas

- Bibliotecas de aula en cada titoría que se nutren basicamente da biblioteca do centro e das aportacións de alumnado e profesorado.
- A aula de Lingua Inglesa tamén dispón dunha pequena biblioteca con fondos en inglés procedentes da biblioteca escolar.
- A aula de Música tamén dispón dunha pequena biblioteca con fondos procedentes da biblioteca escolar.

### 3.2. ORGANIZACIÓN DO TEMPO:

- “Hora de ler” que consta de sesións diarias de 25’ para todos os cursos e grupos, destinadas especificamente á lectura. A “hora de ler” realizarase nun único tramo horario, de 11:55 a 12:20 h.
- Recreo (empréstimo de EP): período de 25’ (de 11:30 a 11:55), no que a biblioteca permanece aberta para que o alumnado de EP que o desexe poida realizar o empréstimo, facer traballos, buscar información, empregar os diferentes espazos creativos, etc. A xefatura de estudos elaborará un horario de gardas de xeito que todos os recreos estea atendida por polo menos un membro do equipo máis un grupo de catro alumnos e alumnas colaboradores (axudantes da Pescadora de Historias).
- Empréstimo El: o alumnado desta etapa terá no horario unha sesión semanal dedicada ao empréstimo de libros. Realizarase o empréstimo durante as últimas horas da mañá os martes (4 anos), mércores, (5 anos) e xoves (3 anos) contando coa colaboración da mestra de apoio. A biblioteca será o lugar de empréstimo e, neste tempo, o alumnado tamén poderá empregar os espazos creativos (recanto Lego, marionetas...). A devolución de ditos libros será o día anterior a realizar de novo o empréstimo.
- Apertura en horario lectivo: a xefatura de estudos tamén elabora un horario de gardas de biblioteca para que estea aberta o máximo de horas posible para continuar coas labores de catalogación, expurgo, pescuda de materiais solicitados, etc. Poderán establecerse horarios que permitan que o alumnado poida acudir, por grupos ou acompañados do titor ou titora, a realizar pescudas, consultar información, facer traballos, utilizar os ordenadores...
- Apertura fóra do horario lectivo: A biblioteca permanecerá aberta para uso de toda a comunidade educativa todos os días de 16:00 a 17:00 h., agás os martes. Poderá realizarse empréstimo/devolución de libros, así como actividades de consulta de libros e materiais, realización de traballos en grupo, actividades que precisen de conexión a internet... Para poder realizar algunha destas tarefas, todo o alumnado deberá vir acompañado dun adulto agás o alumnado de 5º e 6º EP, que poderá vir só. Dentro deste horario a biblioteca será atendida polo profesorado de garda das tardes que velará polo cumprimento das normas básicas de emprego da BE.

#### **4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO.**

Renovamos algúns membros do equipo da biblioteca, substituíndo o profesorado que non volta ao centro por diferentes motivos (provisionais, xubilacións...), tendo presente que debe haber representación de todos os equipos docentes. No curso actual 2023-2024 continúa na coordinación da biblioteca María Ponte Pita, co que inicia o cuarto ano de coordinación.

A responsable da biblioteca escolar asumirá o horario correspondente para poder levar a cabo a xestión, apoiada polos demais membros do equipo de dinamización da biblioteca.

O equipo de dinamización reunirse, polo menos, unha vez ao mes para levar a cabo as actividades programadas.

Especificamos, a continuación, as **liñas prioritarias** para o curso 2023-2024:

##### *4.1 ORGANIZACIÓN E XESTIÓN. CONFIGURACIÓN DA BIBLIOTECA COMO "LABORATORIO CREATIVO DE -APRENDIZAXES".*

- Un dos **obxectivos** fundamentais para o próximo ano académico será continuar o traballo, iniciado hai catro cursos, de ofertar na biblioteca actividades novas non relacionadas necesariamente coa lectura. Deste xeito seguiremos co labor de transformar este espazo nun lugar creativo e dinámico.  
As **accións previstas** para o curso 2023/2024 centraranse en continuar xestionando o espazo, o tempo e os horarios, na medida do posible, para ofertar as seguintes actividades: xogos creativos, creación artística, Club de Lectura, caza do tesouro, lecturas e adaptacións de contos con voz en "off", creacións virtuais de contos...
- Continuar no **programa Radio na Biblio**, reforzando así as competencias en comunicación lingüística e medios de comunicación do alumnado, mediante a creación dunha emisora ou laboratorio de radio vinculado á biblioteca escolar.
- Mellorar a xestión **do momento de empréstito de libros no recreo**, e continuar coas labores de axudantes do alumnado de 5º e 6º EP neste tramo lectivo.
- No relativo a **adquisición e catalogación de fondos**, potenciarase a adquisición de fondos informativos en galego e fondos dixitais, tanto informativos como de ficción. Continuará a catalogación dos libros da aula de música iniciada en anos anteriores, xa que a catalogación de libros de inglés quedou rematada o curso pasado.
- Continuaremos á procura de atopar tempo para facer **reunións conxuntas con todo o profesorado**, polo menos unha ao trimestre, coa finalidade de informar e intercambiar propostas, opinións, ideas e novidades.

#### 4.2. DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO.

- Programar **xogos tipo caza do tesouro**, como “O Preguntón” que leva varias edicións, con dúas finalidades: traballar a pescuda de información e promocionar o xornal “O Papagaio”, aproveitando que tamén se publica en formato dixital.
- Continuar con **actividades relacionadas coa ciencia**, con motivo da “Semana da ciencia en galego” e do “Día da nena e a muller na ciencia”.
- Continuar coas **dinámicas iniciadas en anos anteriores**: novidades que se presentan ao alumnado nas aulas; retomar a actividade “Dálle unha segunda vida aos libros”; recomendacións de textos informativos e de ficción; selección e adquisición de fondos para apoiar os contidos do currículo e o desenvolvemento das competencias, dando prioridade aos proxectos que se leven a cabo ao longo do curso.
- Continuar habilitando **espazos creativos** novos. O curso pasado creamos o **recanto de debuxo**, esperamos poder crear outros como o de ciencia, de arte...
- Preparar **exposicións temáticas** de maneira mensual, que axuden ao alumnado a achegarse a libros que no solicitan en préstamo, e que poden ser do seu interese.
- **Manter actualizado o blog**, ferramenta imprescindible para a actividade da BE e a publicidade das actividades ofertadas. Dito mantemento farase ao longo do curso cos seguintes propósitos: manter unha canle de comunicación co alumnado no que a recomendacións de lectura se refire, publicar vídeos e ligazóns a webs de animación á lectura, poñer en contacto aos nosos lectores cos servizos doutras bibliotecas municipais (incluídos os seus servizos "en liña"); pero sobre todo a publicidade de novidades, contidos, actividades, recursos... Será necesario fomentar no alumnado e nas familias o emprego desta ferramenta, aspecto que se complementará coa difusión de actividades realizadas na web da escola e a presentación de contidos na canle de Youtube do centro. A actividade da bitácora será adaptada ás distintas necesidades que vaian xurdindo no curso 2023/2024.
- Fomentar o **emprego da biblioteca** escolar **polas tardes**.

#### 4.3. FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL (COMPETENCIA PARA O TRATAMENTO DA INFORMACIÓN INCLUÍDA NA ACTUAL “COMPETENCIA DIXITAL”).

- Tentaremos potenciar un maior **coñecemento e uso da biblioteca** como espazo de traballo, información e lectura do alumnado en grupo.

- A **formación de novos usuarios** (profesorado de nova incorporación e alumnado de 4º EI e 1º EP) levarase a cabo no 1º trimestre, con recordatorios ao longo do curso. De dita formación ocuparase unha persoa do equipo da biblioteca e o profesorado titor. Utilizaranse como **recurso de apoio** as tres presentacións en *Power Point*, dispoñibles no blog da biblioteca, e a “Guía de usuarios”, recentemente actualizada.
- **Formación de usuarios nos restantes cursos** a modo de recordatorio.
- A **formación dos novos axudantes** da Pescadora de Historias tamén se poñerá en marcha no mes de setembro; usando, entre outros recursos, as presentacións mencionadas no apartado anterior.
- **Continuarase ampliando as funcións prioritarias dos axudantes de 5º e 6ºEP**, formándoos para: xestionar empréstitos e devolucións coa supervisión do profesorado de garda, reparto do empréstito polas aulas, mantemento da orde, colocación das devolucións e colaboración na organización de actividades.
- Informarase a todo alumnado e profesorado da existencia dunha “**Guía de usuarios**” en formato dixital, que pode ser empregada na aula e consultada sempre que se precise.
- Formar ao novo alumnado de 5ºEP no emprego da **plataforma ELBE.2** e afianzar o seu uso polo alumnado de 6ºEP., despois da formación realizada co alumnado no curso 2022/2023.
- Deseño de **actividades ALFIN** referidas á busca e localización de información e ao uso dos documentos.
- Fomentar a lectura nas aulas do **xornal “O Papagaio”** no seu formato dixital.
- Programar unha ou varias **xornadas de portas abertas** para as familias do alumnado da escola, para que coñezan o funcionamento e actividades que se desenvolven na mesma.

A programación da formación de usuarios e usuarias será a seguinte:

<p><b>1º e 2º EP</b></p>	<p>Ao longo do mes de setembro programaranse varias sesións nas que o alumnado, en grupos, visite a BE acompañado dun membro do equipo da biblioteca. A formación irá dirixida, a que coñezan a sección de primeiros lectores, como se realiza o sistema de empréstito (diferente ao que se leva a cabo na etapa de EI) e a que se familiaricen coa sección de libros informativos; de xeito que ao remate do primeiro trimestre sexan capaces de facer uso da biblioteca de xeito autónomo.</p>
<p><b>3º e 4º EP</b></p>	<p>A formación consistirá no repaso das normas de uso da BE, un recordatorio das seccións e tipos de fondos que compoñen a nosa biblioteca e todos aqueles aspectos que sexan demandados polo alumnado no día a día. Dita formación será realizada por un membro da</p>



	<p>biblioteca. O alumnado de nova incorporación será titorizado por algún compañeiro/a da mesma clase.</p>
<p><b>5º e 6º EP</b></p>	<p>Solicitarase a súa colaboración voluntaria como “Axudantes da Pescadora de Historias”. Un membro do equipo de biblioteca encargarse da súa formación que será máis exhaustiva que a do resto do alumnado. Na primeira e segunda semana lectivas organizaranse sesións de formación dirixidas a que adquiran un coñecemento amplo e preciso das distintas seccións que compoñen a biblioteca, dos tipos de fondos que nela se ubican, da información que contén o tello de cada volume, os criterios de colocación dos libros, o sistema de empréstimo no programa KOHA..., de maneira que poidan manexarse con soltura nas tarefas que se lles encomenden.</p> <p>O alumnado de nova incorporación será titorizado por algún compañeiro/a da mesma clase.</p>

**4.4. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO.** As actividades de promoción da lectura e da escritura terán como base os obxectivos do PAL.

- Organizar **actividades motivadoras** para 5º e 6º EP, cursos nos que o alumnado, ás veces, perde algo de interese. Para elo continuaremos coas actividades de “Apadriñamento lector”, “Cita a cegas cun libro en galego” e “Lecturas compartidas”, nas que o alumnado destes cursos está tendo unha participación moi activa.
- Organizar **contacontos** e animacións á lectura, realizándoas -se é posible- en coordinación coa ANPA.
- Desenvolver **actividades** diversas (lecturas e recitados de poemas, confección de carteis, exposicións, teatro, concursos, xogos, etc.) **relacionadas coas diferentes festas e celebracións.**
- Programar e organizar xogos e actividades coa finalidade de traballar a **busca, uso e tratamento da información.**
- Potenciar, **actividades** de produción de textos, creacións artísticas e contidos en xeral, **en distintos soportes e formatos.**
- Continuar por parte do profesorado o seguimento das lecturas que fai o seu alumnado na hora de ler a través do **pasaporte lector.**
- Continuar coa actividade do **itinerario lector** específico para cada nivel. Procuraremos **concertar visitas de autoras/es** relacionados coas lecturas escollidas, facendo fincapé nos cursos de 5º e 6º EP.

- **Colaborar co EDLG** para celebrar o “*Día de Rosalía de Castro*” e o “*Día das Letras Galegas*”.
- Elaborar a **guía de lectura** de Nadal no 1º trimestre, e a de verán no 3º trimestre.
- Elaborar o **PAL**.
- Velar polo cumprimento do **PLC** elaborado para 2022/2026.
- Participar en **actividades de formación** sobre bibliotecas.
- Asistir ás **reunións do grupo PLAMBE** de Ferrol, sempre que haxa dispoñibilidade.

#### 4.5. AVANCES CARA A UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA.

- Poñer especial interese na busca e adquisición de fondos e materiais interactivos que favorezan á integración e a atención á diversidade (neste sentido a **plataforma ELBE.2** supón unha fonte de recursos). Proseguir, de ser necesario, coa sinalización con **pictogramas**, utilizando os recursos do portal ARASAAC.
- **Adaptar ás presentacións e a guía da biblioteca** para difundir entre toda a comunidade educativa, facéndoas accesibles para todo o alumnado, profesorado e familias. Na primeiras se indica como buscar información e unhas normas básicas, e na segunda lémbrese o horario de apertura polas tardes, especificando os servizos que presta a biblioteca e as actividades que se poden realizar nesta franxa horaria.
- **Promover**, coa colaboración e asesoramento do profesorado de PT, AL e titores, **actividades** que faciliten a integración, acceso e participación do **alumnado con NEAE, ou con situacións socio-culturais desfavorecidas**.
- Incrementar a compra de **fondos** relacionados coa diversidade e a inclusión, fondos que xa aumentaron de xeito importante coa partida económica recibida no curso 2021/2022.
- Mercar **libros de “lectura fácil” e con pictogramas**.
- Potenciar a adquisición de **recursos dixitais**

## 5. RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS.

### 5.1. DENDE AS ÁREAS DE LINGUAS

Prestarase especial atención á aprendizaxe do código escrito, á adquisición de vocabulario, ás construcións sintácticas, enunciados, parágrafos e textos variados (desde o máis sinxelo até outros máis complexos); así como á comprensión dos diferentes tipos de textos, incluídos os literarios, facendo fincapé en técnicas como a análise de elementos non textuais, establecemento de predicións e conexión.... Igualmente, traballarase a velocidade lectora e as pautas de expresión tales como a entoación, ritmo e pausas.

En canto á aprendizaxe do código escrito haberá que ter en conta, sobre todo nos primeiros cursos de primaria, o nivel de desenvolvemento das habilidades de percepción e discriminación visual e auditiva, lateralidade, grafomotricidade, organización temporal, sentido rítmico, memoria e linguaxe visual.

En todos os cursos realizaranse actividades para aumentar a riqueza léxica e traballaranse diferentes estratexias de comprensión de vocabulario tales como:

- Reflexionar sobre o significado de palabras destacadas.
- Deducir o significado dunha palabra polo contexto.
- Recoñecer familias léxicas e semánticas.
- Analizar palabras compostas.
- Descubrir no texto sinónimos e antónimos.
- Aproximarse ao significado pola etimoloxía da palabra.
- Establecer analoxías: obxecto e función, características similares, hipónimos e hiperónimos, etc.
- Distinguir o uso técnico e o uso cotiá dun termo.
- Identificar estranxeirismos e neoloxismos.
- Consultar no dicionario en formato papel e online.
- Consultar enciclopedias.
- Consultar páxinas web.
- Elaborar dicionarios persoais.

Con respecto á escritura e á lectura, as redaccións de textos con distintos propósitos, axudará a que o alumnado tome conciencia dos diferentes obxectivos da lectura; asemade, a produción de distintas variedades de textos cunha finalidade e un destinatario concreto, fará máis consciente ao alumnado das características dos textos que le. Por iso haberá que propoñer tarefas que impliquen elaborar escritos da vida cotiá: redacción de listados de compra; elaboración de receitas de cociña; resumo dunha visita escolar; elaboración de reseñas bibliográficas, artigos para a revista escolar; redactar instrucións de uso, etc.

## 5.2. *DENDE AS DEMAIS ÁREAS*

As restantes áreas curriculares son tamén responsables, en grande medida, da ensinanza e a aprendizaxe da lectura. Así que se dedicará un tempo en cada sesión á lectura razoada e comentada dos libros de texto, prestando especial atención ao vocabulario clave da área; á construción de definicións e explicacións; aos tipos de texto máis significativos da área; á familiarización coa utilización de recursos variados: dicionarios, enciclopedias, libros de consulta, materiais en soporte electrónico e dixital, etc.

As técnicas aplicadas ao ensino do vocabulario nas clases de lingua, aplicaranse tamén nas restantes áreas. O alumnado fará mapas conceptuais de forma sistemática e poñerase especial atención nas definicións dos termos e conceptos máis relevantes da área, ampliando en cada curso o nivel de rigorosidade á hora de expresarse.

Dado que o texto expositivo é un tipo moi frecuente nos libros de texto e de consulta, ademais de enriquecidos con gráficos, táboas, mapas, etc, incidirase para que o alumnado perciba os seguintes aspectos:

- Descubrir o propósito do texto atendendo á situación da lectura e á intencionalidade do autor.
- Descifrar como está estruturado: do xeral ao particular; con exemplos, etc.
- Ao analizar a estrutura deberá percibir:
  - ✓ Plantexamento. Fixarse na presentación e no punto de vista desde o que se aborda.
  - ✓ Desenvolvemento. Descubrir o criterio de conexión das ideas no texto: enumeración, comparación, causa-consecuencia, ordenación cronolóxica ou pregunta-resposta.
  - ✓ Conclusión. Recompilar os aspectos máis importantes da exposición.

Tamén haberá que incidir no uso das características lingüísticas que favorecen a comprensión da mensaxe:

- o Estrutura impersoal.
- o Léxico especializado.
- o Uso do presente.
- o Procedementos tipográficos: títulos, subliñados, cursiva, negriña, etc.

Dúas áreas con especial relevancia ao respecto son as de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais.

### 5.3. NA HORA DE LER

Ademais dos espazos e tempos, nas aulas crearanse ambientes axeitados para a lectura coidando de que o alumnado dispoña de libros que se adapten aos seus gustos e nivel, co fin de fomentar o gusto pola lectura e mellorar a súa competencia lingüística. Para acadar este obxectivo proponse:

- Crear recantos de lectura.
- Presentación periódica de libros da biblioteca sobre os temas que se están a traballar nas diferentes áreas.
- Lectura en voz alta, polo menos un día á semana, por parte do profesorado en EP; a diario en EI.
- Lectura silenciosa por parte do alumnado.

- Votacións para valorar a calidade dun libro.
- Elaboración de rexistros de lecturas a través do pasaporte lector, tanto en soporte físico como dixital.
- Realización de dramatizacións, lectura de poemas, etc.
- Lectura de libros online na plataforma ELBE.2 (aulas Abalar).
- Lectura da revista “Papagaio” tanto en papel como en dixital (aulas Abalar).
- Debuxar os seus personaxes preferidos.
- Animar a participar activamente nas actividades propostas pola biblioteca.
- Elaborar propostas de lectura e de escritura ao equipo da biblioteca.

No caso de ensino virtual o blog da biblioteca podería ofrecer diferentes recursos online para poder realizar lecturas e continuar desenvolvendo, na medida do posible, as actividades relatadas anteriormente.

#### 5.4. LECTURA COMPARTIDA

Ao longo do presente curso gustaríanos poder continuar con diferentes actividades entre as que se atopan:

- Apadriñamentos lectores entre o alumnado de 5º e 6º de EP e 5º e 6º de EI, respectivamente.
- Club de lectura en 6º de EP. Comezará no 1º trimestre e haberá un mestre encargado de dita actividade, que se realizará un día ao mes, en horario de 14.00 a 16.00.
- Voluntariado lector.

## 6. ITINERARIOS LECTORES

Curso	Títulos e autores/as
4º EI	“Pequeno azul, pequeno amarelo” de Leo Lionni. Ed. Kalandraka.
5º EI	“A eiruguiña comellona” de Eric Carle. Ed. Kókinos.
6º EI	“Monstruo rosa” de Olga de Dios. Apila Ediciones.
1º EP	“Espantallo amigo” de Xosé Neira Vilas. Ed. Galaxia.
2º EP	“ O peixe arcodavella” de Marcus Pfister. Ed. Kalandraka. “A árbore das lembranzas” de Britta Teckentrup. Ed. Nubeocho.
3º EP	“Los mimpins” de Roald Dahl. Ed. Alfaguara. “Los darling” de Mónica Rodríguez. Ed. SM.

	"Bruxa e familia" de Paula Carballeira. Ed. Santillana.
4º EP	"Correo urxente" de Paula Carballeira. Ed. Rodeira.  "Meu avó o presunto" de Paloma Bordóns. Ed. Rodeira.
5º EP	"Manolito gafotas" de Elvira Lindo. Ed. Alfaguara.  "Alma de elefante" de Andrea Maceiras. Ed. Xerais.
6º EP	"No corazón do bosque" de Agustín Fernández Paz. Ed. Xerais.

Ademais das lecturas que establecen os titores e titoras en cada un dos niveis da EI e EP, o equipo da biblioteca tamén contribúe a enriquecer estes itinerarios coa preselección de fondos tanto informativos como de ficción que presenta ao alumnado para que seleccione os que máis lle interesen e os leve a súa casa nas "**Mochilas viaxeiras**" ou nas "**Bolsas dos tesouros**".

## **7. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS**

<b>DATA</b>	<b>CONMEMORACIÓN</b>	<b>ACTIVIDADES</b>
SETEMBRO		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración de marcapáxinas.</li> <li>- Presentación da mascota ao alumnado de 4º EI. Incluiremos ao alumnado de 5º e 6º EI porque temos unha boneca nova da mascota.</li> <li>- Entrega da guía de usuarios á clase de 4ºEI, 1º EP, e ao profesorado e alumnado de nova incorporación noutros cursos.</li> <li>- Formación dos axudantes, organización. e distribución dos grupos.</li> <li>- Formación de usuarios e usuarias.</li> <li>- Selección de fondos para as "Mochilas viaxeiras" e "Bolsas dos tesouros".</li> <li>- Elaboración do PAL.</li> </ul>
OUTUBRO	<i>SEMANA BIBLIOTECAS ESCOLARES</i> <i>DAS</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración de marcapáxinas.</li> <li>- Inicio do empréstito.</li> <li>- Presentación no blog de novas adquisicións e nas aulas.</li> <li>- Conmemoración do <u>día das Bibliotecas Escolares</u>: Visita de Pepablo Patinho.</li> <li>- Concurso- xogo homenaxe a Ibáñez.</li> <li>- Xornada de portas abertas para familias.</li> </ul>

NOVEMBRO	<p><i>SEMANA DO MEDO</i></p> <p><i>MES DA CIENCIA EN GALEGO</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ambientación da Biblioteca.</li> <li>- Exposición de libros de medo.</li> <li>- Inicio do club de lectura.</li> <li>- Celebración do mes da ciencia en galego. <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Lotes para as aulas cos libros de ciencia en galego.</li> <li>✓ Experimentos nas aulas.</li> <li>✓ Convidar a Patricia Barciela (directora da DOMUS)</li> </ul> </li> </ul>
DECEMBRO	<i>NADAL</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Elaboración da guía de lectura de Nadal.</li> <li>- Exposición de contos e obras con temática de Nadal.</li> <li>- Actividade de “lecturas compartidas” entre EI e EP.</li> <li>- Xornada de xogos na biblioteca.</li> </ul>
XANEIRO	<i>DÍA DA PAZ E DA TOLERANCIA</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Mercar títulos novos e presentación das novidades no blog e nas aulas.</li> <li>- Localización dos fondos existentes relacionados coa Paz e a tolerancia.</li> <li>- Distribución de lotes de “libros para a Paz e a tolerancia” nas aulas tendo en conta o nivel do alumnado.</li> </ul>
FEBREIRO	<p><i>ENTROIDO</i></p> <p><i>DÍA DA NENA NA CIENCIA</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Contacontos.</li> <li>-11F: día da muller na ciencia (solicitud de charla nas webs <a href="https://11defebrero.org/">https://11defebrero.org/</a>) ou <a href="https://unhaencadacole.gal/">https://unhaencadacole.gal/</a></li> <li>- Visita dunha científica á escola.</li> </ul>
MARZO	<i>MES DA PRENSA</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividade 8 de marzo: mercar libros sobre igualdade.</li> <li>- Actividades para as aulas, por concretar, sobre todo de 5º e 6º EP xa que reciben semanalmente exemplares da Voz de Galicia.</li> <li>- Visita dunha xornalista.</li> <li>- Programar xogos tipo “A caza do tesouro” con dúas finalidades: traballar a búsqueda de información e promocionar o xornal “O Papagaio.</li> </ul>
ABRIL	<i>DÍA DO LIBRO</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mercar títulos novos e presentación no blog e nas aulas.</li> </ul>

		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Organizaranse actividades ao redor dalgunha obra, autor ou autora relevantes aínda sen determinar.</li> <li>- Convocatoria do concurso “O preguntón”.</li> <li>- “Apadriñamento lector” entre 5º e 6º EI e 5º e 6º EP.</li> <li>- Xornada de portas abertas para familias.</li> </ul>
MAIO	<i>DÍA DAS LETRAS GALEGAS</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Exposición temática (ou difusión de materiais nas aulas e blog).</li> <li>- Contacontos en galego.</li> <li>- Actividade de “Cita a cegas cun libro en galego”.</li> <li>- Actividades de colaboración co EDLG.</li> <li>- Actividade de “lecturas compartidas”.</li> <li>- Despedida do Club de Lectura.</li> </ul>
XUÑO		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración da 2ª guía de lectura de cara ao verán.</li> <li>- Elaboración da memoria anual.</li> <li>- Elaboración das memorias dos programas de Radio na Biblio e Club de Lectura.</li> <li>- Elaboración das Liñas Prioritarias 2024-2025.</li> </ul>

Este calendario de actividades previstas é flexible e poderá sufrir as variacións que se consideren oportunas en función das necesidades que vaian xurdindo, así como das oportunidades que se presenten para recibir visitas de autores/as, asistir a sesións de contacontos, ou calquera outra actividade relacionada coa biblioteca e o fomento da lectura.

## **8. IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS**

Crear un ambiente lector na casa é primordial para o desenvolvemento escolar e persoal do alumnado, por iso será un punto a tratar obrigatoriamente nas reunións colectivas; farase fincapé na importancia que ten a lectura en familia e daranse pautas tales como: agasallar con libros, ir con eles á biblioteca como un lugar máis de lecer, visitar librarías, compartir lecturas e noticias de prensa, interesarse polas súas lecturas.

Tamén é preciso facerlle ver ás familias que o acto lector pódese levar a cabo en calquera das actividades cotiás facendo que os nenos e nenas sexan os protagonistas: que lles lean unha receita cando están a facer algo novo, que lles escriban a lista da compra, que



revisen con eles a conta da compra, que lean con eles as instrucións cando mercan un aparato, e en todas aquelas situacións que implican un uso funcional da lectura.

Segundo as instrucións de comezo de curso da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, durante o curso 2023-2024, “**a biblioteca escolar incorporará ás familias** (na medida do posible e a través de distintas fórmulas), co fin de implicalas na formación das lectoras e dos lectores e, tamén, na súa formación como usuarios críticos de información e dos medios de comunicación”. Tendo en conta este aspecto dende a biblioteca escolar colaborarase coas familias fomentando a súa implicación no acto lector a través das seguintes actividades:

- “**Mochilas viaxeiras**” en EI, onde se inclúe un libro para os adultos sobre temas de educación.
- “**Bolsas dos tesouros**” en EP, que inclúen un *dossier* con artigos de opinión e/ou vídeos sobre lectura e educación en familia. Dita información adxúntase a través dun enlace ao blog da biblioteca.
- Envío de dúas **guías de lectura** ao longo do curso, con recomendacións para todas as idades e intereses. Estas se difundirán en formato dixital nos diferentes canais de comunicación coa comunidade educativa: páxina *web*, blog da biblioteca...
- Promocionar o **blog da biblioteca** co fin de que sirva de canle entre o centro e as familias, tanto para coñecer actividades que desenvolvemos na escola como para acceder a diferentes recursos (vídeos, contos, materiais elaborados polo alumnado...)
- Facer unha ou varias **xornadas de portas abertas**, para explicar o funcionamento da BE, o papel activo do alumnado na mesma, o servizo de empréstito de tarde e outras actividades que se realizan.
- Promover **actividade de contacontos** coas familias do alumnado de EI.
- Buscar outros canais de participación como **colaboracións** con reseñas de lecturas que se poderían compartir no blog da biblioteca.

Este curso, novamente, está prevista a colaboración entre o equipo da biblioteca e a ANPA do centro para a organización de diferentes obradoiros e actividades.

## **9. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

Ao longo do curso escolar farase un seguimento periódico deste PAL, tanto no referido ao emprego e disfrute da biblioteca escolar e aos seus recursos como no que atange ás actividades programadas.

Dito seguimento e avaliación nos permitirá a valoración do grao de consecución dos obxectivos propostos, das actuacións que se están levando a cabo e dos recursos e medios empregados para poder realizar propostas de mellora.

Farase a través dos seguintes **criterios de avaliación**:

- Aumento no uso dos fondos da biblioteca.
- Aumento dos proxectos documentais levados a cabo, tanto a nivel de centro como de aula.
- Aumento do hábito da lectura.
- Difusión e promoción das publicacións do blog.
- Implicación do profesorado e do alumnado no desenvolvemento das actividades propostas.
- Grao de satisfacción coas actividades propostas desde a Biblioteca.
- Grao de participación das familias nas actividades propostas.

Estes serán os **instrumentos de avaliación**:

- Rexistro de empréstitos de fondos da biblioteca (KOHA).
- Observación do uso da biblioteca como espazo de traballo.
- Control do número de visitas no blog e publicacións máis consultadas.
- Enquisa ao alumnado sobre o funcionamento da biblioteca e a adecuación das actividades propostas.
- Enquisa ao alumnado participante no Club de Lectura.
- Enquisa ao profesorado sobre o funcionamento da biblioteca e a adecuación das actividades propostas.
- Valoración dos comentarios e propostas das familias nos cadernos de bitácora de "Mochilas viaxeiras" e "Bolsas dos Tesouros".
- Actas de avaliación.

As conclusións da avaliación final, así como as propostas de mellora, recolleranse ao finalizar o curso escolar na memoria do PLAMBE, servindo como referente para a elaboración do novo Plan Anual de Lectura.

# **ANEXOS:**

**ANEXO 1. ENQUISA AO ALUMNADO DE 1º E 2º DE EP.**

**ANEXO 2. ENQUISA AO ALUMNADO DE 3º, 4º, 5º E 6º DE EP.**

**ANEXO 3. ENQUISA PROFESORADO.**

**ANEXO 4. ENQUISA ALUMNADO CLUB DE LECTURA.**



ANEXO 1: ENQUISA AO ALUMNADO DE 1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

	NADA	REGULAR	MOITO
<b>LEE E MARCA CUN EQUIS A RESPONSTA:</b>			
<b>A - ESTÁ BEN ORDENADA E É FÁCIL ATOPAR O QUE BUSCO.</b>			
<b>B - ATOPO LIBROS INFORMATIVOS SOBRE OS TEMAS QUE ME INTERESAN.</b>			
<b>C - GÚSTANME OS LIBROS DE FICCIÓN QUE HAI NELA.</b>			
<b>D - DESFRUTO DAS "BOLSAS DOS TESOUROS" CANDO ME TOCA.</b>			
<b>E - GUSTÁRONME AS ACTIVIDADES PROPOSTAS: XOGOS NA BIBLIO, TALLER DE CHAPAS, O PREGUNTÓN...</b>			
<b>F - PARECÉRONME INTERESANTES AS NOVIDADES DE LIBROS DESTE ANO.</b>			
<b>G- XOGO NO RECANTO LEGO</b>			
<b>H - A BIBLIOTECA É SEMPRE UN LUGAR AGRADABLE E TRANQUILO.</b>			
<b>I - GÚSTAME ACUDIR A ELA PARA LER, DEBUXAR...</b>			

TES ALGUNHA IDEA PARA MELLORAR A BIBLIOTECA? ESCRÍBEA 😊



ANEXO 2: ENQUISA AO ALUMNADO PARA 3º, 4º, 5º e 6º EDUCACIÓN PRIMARIA.

Le e marca cun equis a resposta:	Nada ou moi pouco	Regular ou ás veces	Sempre ou moito
A - Está ben ordenada e é fácil atopar o que busco.			
B - Atopo libros informativos sobre os temas que me interesan.			
C - Gústanme os libros de ficción que hai nela.			
D - Desfruto das “bolsas dos tesouros” cando me toca.			
E - Gustáronme as actividades propostas: xogos na biblio, taller de chapas, o Preguntón, concurso sobre a Radio Escolar...			
F - Parecéronme interesantes as novidades de libros deste ano.			
G- Xogo no recanto LEGO			
H - A biblioteca é sempre un lugar agradable e tranquilo.			
I - Gústame acudir a ela para ler, facer traballos, etc.			

Tes algunha idea para mellorar a biblioteca? Escribea 😊

---



---



---



---



ANEXO 3: ENQUISA BIBLIOTECA ESCOLAR PROFESORADO

Marca cun X:	Moi ben	Ben	Regular	Mal
Actividade/Visita no <b>Día da Biblioteca</b> .				
Actividades da <b>Semana da ciencia en galego</b> : preparar e compartir experimentos nas aulas.				
Actividade no <b>Día da Muller e da Nena na ciencia</b> .				
<b>Visita autor/a</b> . <i>Pregunta só para 5º e 6º de EP</i>				
<b>Animación á lectura</b> . <i>Pregunta só para 1º, 2º, 3º e 4º de EP</i>				
<b>Scape Room "O preguntón"</b> no Día do Libro.				
<b>Pasaporte lector</b> .				
<b>Exposición de fondos</b> de novidades ou temáticos (Samaín, 25 N, Nadal, San Patricio, Letras galegas...).				
<b>Lotes temáticos</b> preparados para as clases (Mes da ciencia en galego, Día da Paz, 8M).				
Interese dos <b>novos fondos</b> adquiridos.				
Actividade diaria de <b>préstamo</b> nos recreos (primaria), actividade semanal de <b>préstamo</b> (infantil).				
<b>Información</b> ao profesorado (documento coas novidades, actividades a realizar, difusión no blog...).				

**2. Fondos máis utilizados polo alumnado no tempo de ler (marcar):**

- 1º: fondos da biblioteca de centro.
- 2º: fondos da biblioteca de aula.
- 3º: libros que traen da casa.

**3. Fondos que pensas que deberíamos incorporar ao catálogo da biblioteca:**

**4. En que cres que podería mellorar a biblioteca?**



#### ANEXO 4: ENQUISA CLUB DE LECTURA

1. Que foi o que te animou a participar no club?

---

---

---

2. Cres que os libros escollidos foron do teu interese ou non? Explica se che gustaron ou non e por que.

---

---

---

3. Durante as sesión realizáronse diversas actividades... En xeral, gustáronche?. Que actividades engadirías?

---

---

---

4. Que é o que máis che gustou desta actividade do “Club de lectura”?

---

---

---

5. E o que menos?

---

---

---



6. Cres que participar nesta actividade serviu para acercarte algo máis á lectura?

---

---

---

7. A actividade desenvolveuse como ti pensabas ou crías que ía ser diferente?

---

---

---

8. Animarías a outros nenos e nenas a participar no club de lectura? Por que?

---

---

---

**GRAZAS POLAS TÚAS RESPOSTAS!!!**





BIBLIOTECAS  
ESCOLARES  
DE GALICIA

# ADDENDA DO PLAN ANUAL DE LECTURA E BIBLIOTECA



XUNTA  
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN  
INFANTIL E PRIMARIA  
DE ESTEIRO



## **INTRODUCCIÓN**

No mes de setembro o equipo de dinamización da biblioteca escolar deseñou un Plan anual de lectura e biblioteca, seguindo as indicacións da Resolución do 20 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docentes non universitarios, de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no curso académico 2023/2024. Dito plan foi aprobado polo Claustro e Consello Escolar o 3 de outubro de 2023.

Unha vez aprobado polo Claustro e Consello Escolar e remitido á Inspección Educativa, xunto co resto de documentos correspondentes e revisados todos eles, cómpre facer unha modificación no que respecta ao tramo horario destinado á “Hora de ler”.

Deste xeito é necesario realizar esta addenda, co fin de actualizar o documento axustándonos ás indicacións recibidas por parte da Inspección Educativa.

## **PUNTO ÚNICO**

Modifícase no apartado 3, titulado “Organización de espazos e tempos para a lectura”, o punto 3.2, unicamente no referido á “Hora de ler”, quedando a redacción da seguinte forma:

### **3.2 ORGANIZACIÓN DO TEMPO:**

- *“Hora de ler” que consta de sesións diarias de 25’ para todos os cursos e grupos, destinadas especificamente á lectura. A “hora de ler” realizarase nun único tramo e estará incluída nalgún dos períodos lectivos diarios do horario de cada curso e grupo. No curso actual esta distribución será a indicada na seguinte táboa, na que aparece o momento de inicio da “hora de ler”.*

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1º EP	12.50	12.50	12.50	12.50	12.50
2º EP	12.10	12.10	13.05	12.10	12.10
3º EP	11.20	11.20	12.10	11.20	12.10
4º EP	9.00	11.20	11.20	12.10	12.10
5º EP	11.20	11.20	11.20	10.30	11.20
6º EP	12.10	11.20	11.20	12.10	11.20

No caso da etapa de **Educación Infantil** o Decreto 150/2022, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, indica no seu artigo 11: *“Os períodos lectivos organizaranse baixo presupostos de flexibilidade que lle permitan ao profesorado adecualos ás características das tarefas, de xeito que o horario estea sempre ao servizo da metodoloxía.”*. Polo tanto serán os titores e titoras os que incluírán a hora de ler no seu horario, no **período lectivo diario que máis se adapte ás necesidades do alumnado**, non tendo que ser preciso asignar a “hora de ler” a un período lectivo concreto.